

CARA A

1-A meteoroloxía

O concepto

Empezamos este percorrido polo mundo da meteoroloxía e non podía ser doutro xeito. Haberá que saber onde nos metemos para poder seguir adiante.

A meteoroloxía é a rama do saber que se dedica ao estudo dos fenómenos atmosféricos e á predicción que, en base a eles, se pode facer do tempo meteorolóxico. Nesta labor, as medidas de temperatura, presión, humidade e velocidade do vento son as variables de control máis importantes.

Lembra que para iso usamos termómetros, barómetros, psicrómetros e anemómetros respectivamente. Compre non confundir a meteoroloxía coa climatoloxía. A diferenza está no período de tempo no que ambas disciplinas traballan; mentres que a meteoroloxía fai un control da variables a curto prazo (días), a climatoloxía estudia os cambios das mesmas durante longos períodos de tempo (anos ou séculos).

No nosa vida cotiá a meteoroloxía cólase todos os días pola televisión, radio, prensa, internet...en forma de mapas de tempo e prediccions de suma importancia para a planificación das nosas actividades. Cicloxénese explosiva, isóbara, anticiclón, fronte frío...son termos que xa forman parte da nosa linguaxe. Por iso os homes e mulleres do tempo resúltannos tan familiares...como nos conta desta maneira tan curiosa Daniel Higiénico.

